

ESTÁNDARES MÍNIMOS PROMOCIÓN 6º

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).

- Comprende e identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral.
- Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
- Fai pequenas exposicións na aula
- Planifica e elabora un discurso oral coherente.
- Elabora o texto escrito cunha estrutura clara.
- Subliña, esquematiza e resume un texto.
- Le textos en voz alta con fluidez e precisión.
- Identifica a estrutura dun texto.
- Elabora o texto escrito cunha estrutura clara.
- Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, descritivos, expositivos,...)
- Coida a presentación de traballos escritos.

- Usa correctamente: a coma, o punto, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos e as comiñas.

- Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
- Usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo e imperativo.
- Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.
- Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
- Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, frases feitas, siglas e abreviaturas.
- Usa con corrección os verbos regulares e os irregulares de uso frecuente.
- Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
- Recoñece a validez da lingua galega como medio de expresión e comunicación.

- Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
- Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas. (lingua estranxeira)
- Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares (lingua estranxeira)
- Fai presentación breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese. (lingua estranxeira)

- Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais. (lingua estranxeira).
- Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para abrir unha conta de correo electrónico etc.) (lingua estranxeira)
- Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas (lingua estranxeira)
- Desenvólvese en transaccións cotiás (p. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). (lingua estranxeira)

- 2º. Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología (CMCT).

- Resolve problemas con precisión de acordo coa dificultade da situación.
- Identifica os números romanos
- Le, escribe e ordena números naturais (ata nove cifras), fraccións e decimais (ata as milésimas)
- Utiliza números negativos en contextos reais.
- Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
- Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.
- Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
- Calcula potencias sinxelas e identifica os seus elementos.
- Realiza operacións de suma, resta, multiplicación e división con números naturais, enteiros, fraccións e números decimais.
- Calcula a porcentaxe dunha cantidade.
- Usa a regra de tres directa.
- Descompón números menores de un millón.
- Descompón números decimais
- Calcula o mcm e mcd
- Coñece as medidas de capacidade, masa, lonxitude e volume.
- Suma e resta medidas de capacidade, masa, lonxitude e volume.
- Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
- Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais.
- Realiza cálculos con medidas angulares.
- Distingue os diferentes tipos de ángulos.
- Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos.
- Utiliza instrumentos de debuxo para a construción e exploración de formas xeométricas.
- Distingue as figuras xeométricas fundamentais.
- É quen de calcular a área e o perímetro de rectángulo, cadrado e triángulo.
- Identifica os elementos básicos da circunferencia e o círculo e calcula a lonxitude da circunferencia e a área do círculo.
- Identifica datos cualitativos e cuantitativos.
- É capaz de calcular a media dun conxunto de datos.
- Realiza gráficos sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.

- Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
- Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
- Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas
- Identifica as características e clasifica os seres vivos no seu reino correspondente.
- Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, luminosa, sonora, eléctrica, térmica e química.
- Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables:
- Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
- Coñece as principais reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
- Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.
- Identifica os elementos dun circuío eléctrico,
- Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
- Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

- 3º. Competencia dixital (CD).

- E quen de buscar información pertinente a un tema
- E quen de seleccionar información sobre un tema dado e realizar unha presentación dixital sinxela.

- 4º. Aprender a aprender (CAA).

- Desenvolve e aplica estratexias de razoamento.
- Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.

- 5º. Competencias sociais y cívicas (CSC).

- Aмосa responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

- Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan
- Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.
- Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.
- Explica que é a Unión Europea
- Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta
- Describe as principais características da poboación española e europea.
- Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.
- Describe a densidade de poboación de España.
- Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
- Identifica diferentes tipos de empresa
- Valora con espírito crítico a función da publicidade.
- .As pegadas do tempo:
- .Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.
- Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.

- 6º. Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor (CSIEE).

- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente ou en equipo.

- 7º. Conciencia y expresiones culturais (CCEC).

- Utiliza a voz para o canto individual ou ao unísono coidando a dicción, articulación e a afinación.
- Realiza distintas coreografías empregando correctamente o espazo dispoñible con respecto a si mesmo e aos seus compañeiros.
- Emprega a notación musical para a lectura de esquemas rítmicos e melódicos.
- Interpreta con soltura pezas musicais do instrumento.
- Recoñece as calidades do son e os elementos da linguaxe musical.
- Responde a fórmulas rítmicas e melódicas mediante o movemento, a voz ou os instrumentos.
- Coñece e emprega as diferentes partes do seu corpo para o exercicio físico, distinguindo a dereita en si mesmo, nos compañeiros e con respecto aos obxectos.
- Aplica as normas básicas de alimentación e hixiene relacionadas coa actividade física.
- Emprega as medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.

- Sincroniza os seus movementos corporais a diferentes cambios nas condicións dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve. Abdominais 30 segundos.
- Executa con eficacia, ritmo e intensidade os desprazamentos en carreira, coa posta en acción, os cambios de dirección, velocidade de execución, etc. axeitados. Corre 4 minutos.
- Disocia os segmentos corporais superiores e inferiores do eixe corporal e adapta os seus movementos a diferentes situacións espazo-temporais.
- Coordina axeitadamente os xiros, as carreiras e os saltos na actividade física.
- Lanza obxectos cunha boa execución e precisión nas distancias curtas e sobre obxectos estáticos e dinámicos.
- Participa en todas as actividades propostas aceptando aos seus compañeiros, ao marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.
- Coñece basicamente as principais regras dos deportes máis coñecidos.
- Emprega de forma axeitada os espazos e materiais cos que se desenrola a actividade física.
- Colabora activamente no desenrolo dos xogos e deportes de grupo, amosando unha actitude de aceptación cara ós demais, superando as frustracións que se poidan producir.